

# EXTRAMUNDI

## POSICIONAMENTO INSTITUCIONAL

EXTRAMUNDI somos unha plataforma interprofesional que facilita proxectos de VIDA PROPIA ás persoas con diversidade funcional desde un enfoque de dereitos

Somos unha asociación sen ánimo de lucro, laica e plural de persoas procedentes de diversas realidades sociais comprometidas por un cambio na orde mundial.

Únenos un anhelo persoal e a convicción da búsqueda e construción de hábitats máis humanos, nos que se garanta e promova a extensión e o goce de todos os dereitos para todas as persoas desde a equidade de xénero. Mostrando un firme rexeitamento a desigualdades baseadas en calquera circunstancia persoal ou social e o compromiso co medio ambiente.

Traballamos de xeito colaborativo, horizontal, coresponsable e transparente xunto con comunidades, organizacións civís e cidadanía que reivindicuen dereitos e alternativas sociais e económicas, así como procesos socio políticos de transformación social; mediante a xeración e impulso de accións de desenvolvemento endógeno e participativo.

Alentamos unha visión crítica da cidadanía na nosa sociedade e nas institucións públicas e privadas, e apoiámonos e impulsamos o traballo en alianzas e redes internacionais.

Extramundi cre firmemente na equidade entre persoas, rexeita toda forma de machismo e cultura patriarcal en calquera das súas dimensións e fomenta un traballo interno e externo coherente en tal sentido apostando pola equidade de xénero. Rexeita expresamente toda forma de opresión –explícita ou velada- de xénero nas relacións interpersoais dentro da entidade, así como calquera discriminación a través de estereotipos, comportamentos e linguaxe sexistas.

Extramundi ten como valor e obxectivo a superación de todas as formas de marxinalidade e discriminación por razón de sexo, condición socio-económica, orixe étnica, trazos raciais, idade, lingua, relixión, opinións políticas, discapacidade, orientación sexual, identidade sexo- xénero ou calquera outra condición persoal ou social.

Extramundi traballa na defensa dos Dereitos Humanos: políticos, civís, sociais, económicos e culturais dos territorios e das persoas que os habitan. Desde a entidade se insta á utilización da lingua galega como medio de comunicación ao considerar a lingua " o distintivo de identidade máis elemental dun pobo e dunha cultura" (Ramón Piñeiro).

A entidade asume como seu o Código de Conducta da Coordinadora de ONG para o desenvolvemento:

Código de Conducta ONGDs (<https://drive.google.com/file/d/1A9igEylQ17VWIQ2THihFBTcYKGo3vY8T/view?usp=sharing>)